


Camiño de papel e de estrelas



Por un camiño de papel trazado sobre os mapas navegamos desde Palestina a Padrón guiados por un camiño de estrelas



XUNTA
DE GALICIA

Camiño de papel e de estrelas



Por un camiño de papel trazado sobre os mapas navegamos desde Palestina a Padrón guiados por un camiño de estrelas



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Presidente da Xunta de Galicia
Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Román Rodríguez González

Secretario xeral técnico
Manuel Vila López

Director xeral de Cultura
Anxo M. Lorenzo Suárez

Subdirectora de Arquivos e Museos
M^a Carmen Calviño Rodríguez

EXPOSICIÓN

Proxecto museolóxico e museográfico
Covadonga López de Prado Nistal

Montaxe
Estudio GD 42° Noroarte
Intega, S.L. Museo Massó

Restauración e conservación
Ana Celard Fernández
Marta Díaz Fernández
Silvia Fernández Bueno

Deseño da imaxe da exposición
Lía Santana / Xosé Salgado

Produción audiovisual
Visor Audiovisual, S.L.

Storytelling
NOSO Plans e Proxectos, S.C.G.

Maquetaxe de elementos gráficos
Lía Santana / Xosé Salgado
Xisela Pastoriza Barros

Impresión de elementos gráficos
Imprimeverde, S.L.U.

GUÍA

Edición
Xunta de Galicia

Textos
Covadonga López de Prado Nistal

Fotografías
Roberto Quintero
Arquivo Fotográfico do Museo Massó

Tratamento e edición de imaxes
Xisela Pastoriza Barros

Deseño e maquetaxe
NOSO Plans e Proxectos, S.C.G.

Revisión lingüística
Mercedes Leobalde

Impresión
Gráficas Anduriña

D.L. : C 1273-2023
ISBN: 9788445354575
© Do texto: a autora
© Das fotografías: Roberto Quintero e Museo Massó
© Da presente edición: Museo Massó

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	6
A LENDA	8
CAMIÑO DE PAPEL	20
Mediterráneo	21
Península	35
Galicia	53
Compostela	63
CAMIÑO DE ESTRELAS	70
REPORTAXE FOTOGRÁFICA DA EXPOSICIÓN	76

Fronte á imaxe do *Finis Terrae* e dunha Galicia illada ata que a conexión ferroviaria que atravesa a Meseta foi unha realidade, colle cada vez máis forza a idea dunha Galicia conectada por mar desde a Prehistoria, que ocupa un lugar estratéxico nas rutas de navegación entre o Mediterráneo e a Europa atlántica.

A exposición temporal ***Camiño de papel e de estrelas*** móstranos como a ruta marítima que conecta o Próximo Oriente coas Rías Baixas transcende a lenda xacobeá da translación do corpo do apóstolo Santiago desde Palestina a Padrón e nos traslada a un mundo onde as autoestradas se trazaban no mar, seguindo os camiños do comercio marítimo.

As cartas náuticas, os planos e vistas de portos estratéxicos, as maquetas que ilustran a evolución da construción naval e os instrumentos de navegación con que os navegantes descifraban os sinais das estrelas mergúllannos por un instante naquel mundo da primeira globalización xerada polos intercambios de mercadorías de luxo a longa distancia, nun escenario no que se conecta o vello *Mare Nostrum* co desafiante *Mare Océano* e no que as acolledoras linguas de mar das rías galegas tiñan (e teñen) moito que ofrecer.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

INTRODUCCIÓN

Conta a lenda que o corpo do apóstolo Santiago chegou desde Palestina a Galicia nunha singradura que durou sete días.

Por este roteiro marítimo que conecta o Mediterráneo oriental coa costa atlántica circularon durante milenios mercadorías e xentes dos tres continentes. Con elas viaxaban ideas e culturas que contribuíron á configuración de Europa.

Nesta exposición navegamos sobre os mapas e, con axuda dos libros, trazamos un camiño de papel e atracamos nalgúns dos portos que xurdiron ao longo desta ruta.

O camiño de estrelas trázoa no ceo a constelación da Vía Láctea, coñecida como Camiño de Santiago. Os astros proporcionarannos as referencias para nos orientar no mar e guiarannos, como aos peregrinos e navegantes, na nosa travesía marítima.

“Foi o mar o teu camiño e a túa senda a inmensidade das augas”


Salmo de David, no Antigo Testamento, citado no Códice Calixtino.

*A lenda da translación do corpo
de Santiago
resolve a incongruencia do
achado do sepulcro*



ALENDA






Segundo os textos máis antigos, Santiago predicou en Palestina, onde sería degolado e enterrado. No século VII esténdese a idea da predicación en Hispania e dous séculos despois ten lugar o suposto achado do sepulcro en Compostela.

Con iso o reino ástur pretendía lexitimarse como cabeza da Igrexa na Península. Ao mesmo tempo, un novo centro de culto apostólico era unha boa estratexia papal para combater a expansión musulmá e a competencia da Igrexa de Bizancio.

No século XI resólvese a incongruencia entre o lugar da morte e o da súa sepultura coa lenda da translación milagrosa do seu corpo desde Palestina ata Compostela. A peregrinación vai adquirindo unha dimensión europea e un século máis tarde os camiños a Santiago cruzaban Europa.





Liber Chronicarum, coa ilustración da degolación de Santiago

Hartman Schedel. Editado en Nürnberg, 1493
Exemplar incunabile con ilustracións de M. Wohlgemuth e W. Pleydenwuff

Museo Massó

O *Liber Chronicarum* narra a historia universal desde unha perspectiva cristiá, integrando os relatos bíblicos e as lendas dos santos cos feitos históricos.


Considérase o maior atlas dos inicios da imprenta, xa que contén 1.806 imaxes gravadas, boa parte delas realizadas polo mestre de Dürero, o artista Wohlgemuth. O episodio dedicado ao apóstolo Santiago está ilustrado coa escena da degolación.



Proba evidente da predicación do apóstolo Santiago o Maior nos reinos de España

Miguel de Herce Jiménez. Impreso en Madrid, 1648

Museo Massó. Doazón de M^a Eugenia, M^a del Carmen e M^a José Rodríguez Blanco.
 Procedente da biblioteca particular de Modesto Rodríguez Figueiredo





Lenda Dourada

Jacopo della Voragine. Exemplar incunable impreso en Venecia, 1478

Museo Massó

Esta obra foi escrita no século XIII e nela queda fixada a versión definitiva da lenda da translación do corpo de Santiago.

É unha recompilación das lendas das vidas dos santos que foi traducida a diversos idiomas. Dela consérvanse máis de 1000 copias manuscritas medievais e foi durante séculos un dos libros máis populares.





A predicación de Santiago en Galicia

Reproducción xilográfica dunha ilustración do *Flos Sanctorum* de Fr. Pedro de la Vega
Impreso en Alcalá de Henares, 1566

Museo Massó. Doazón de Isabel Massó de Ariza



Reproducción en resina e a grande escala dunha moeda coa translación do corpo do apóstolo

Orixinal do século XII conservado no Museo das Peregrinacións e de Santiago
Museo Massó. Doazón da Catedral de Santiago

A moeda foi acuñada en Santiago e no reverso ten gravada a representación máis antiga que se coñece da translación do corpo de Santiago. É unha imaxe moi esquemática, coa cabeza dentro da barca e os vultos dos discípulos que o acompañaron. A intención sería difundir esta lenda coa propia circulación da moeda.





Reproducción da táboa dun retablo coa lenda da translación do corpo de Santiago

O orixinal é unha pintura anónima do século XV do Museo Diocesano de Camerino (Italia)

Museo Massó

Representáanse superpostas as distintas escenas da lenda: a chegada do barco, o desembarco do corpo, a colocación na pedra, que adopta a forma dun sartego, o traslado a Compostela nun carro de bois e a chegada ao pazo ou fortaleza da raíña Lupa.


Ademais incorpora o milagre do Cabaleiro das Cunchas, que, como a lenda da translación, xa fora relatado no século XII no *Códice Calixtino*.



Anais do Reino de Galicia. Capítulo sexto: “Trasladan os discípulos o corpo de Santiago a Galicia”

Manuel de la Huerta y Vega. Impreso en Santiago, 1733-1736

Museo Massó





Maqueta da nao Santa María realizada en prata

Manuel Escacena de la Rosa, 1960

Museo Massó. Doazón de Pilar Chantrel

A nao é a embarcación máis común nas representacións do século XV da translación do corpo de Santiago. En plena Era dos Descubrimentos foi deseñada para navegar polo océano, xa sen remeiros, con tres paus e cun casco de maior altura e capacidade. Vai substituír as tradicionais galeras do Mediterráneo e convértese nun símbolo de progreso e modernidade.

Inicialmente a Santa María era unha nave comercial chamada La Gallega, ata que foi alugada por Cristóbal Colón como nave capitá á fronte das outras dúas carabelas A Pinta e A Niña.





Mapamundi coa misión apostólica que ilustra o *Beato da Catedral do Burgo de Osma* (edición facsimilar)


Monxe Martinus do Mosteiro de Sahagún, 1086


Museo Massó. Doazón de Antonio Massó de Ariza

O *Beato de Liébana* e o seu mapamundi simbólico, no que se identifican os territorios onde predicaron os apóstolos, contribuíu a asentarse a tradición da predicación de Santiago na Península desde o século VII.

No exemplar de Osma represéntanse os lugares en que se veneran as súas sepulturas, entre os que destaca o templo compostelán, inclusive por riba do de San Pedro de Roma.

Tamén Galicia cobra un maior protagonismo, tanto polo espazo con que se representa como pola elección e o tamaño dos elementos que a identifican: a Torre de Hércules e o peixe máis grande, como referencia á abundancia do peixe nas rías. Isto deu lugar a supoñer que existe unha versión anterior realizada en Compostela.





O Mediterráneo foi desde a prehistoria un mar de encontros e desencontros



CAMIÑO



MEDITERRÁNEO

Séculos antes da nosa era, os fenicios, establecidos no que sería Palestina, destacaron como extraordinarios navegantes e comerciantes. Desde o Mediterráneo oriental atravesaban o estreito de Xibraltar para se aventuraren pola costa atlántica da Península Ibérica. Durante a época do Imperio Romano haberá un intenso fluxo comercial que conectará os tres continentes.

Na Idade Media a expansión do islam converte o Mediterráneo nun lugar hostil. Co final deste enfrontamento relixioso a bacía mediterránea será a principal xeradora dunha economía na que se crean grandes fortunas grazas ao comercio de mercadorías de luxo asiáticas.


A expansión do Imperio Otomán, con capital en Constantinopla, bloqueará a ruta cara a Oriente, e a Europa mediterránea comezará a mirar cara ao oeste.

DE PAPEL

Mapa de Palestina. *Xeografía Sagrada.* *Cartografía hispano-científica.*

Francisco Torres Villegas. Impreso en Madrid, 1852

Museo Massó





Mapa de Europa que ilustra o libro *Os feitos e ditos memorables*

Caio Xulio Solino. Impreso en Basilea, 1558

Museo Massó

O autor foi un gramático latino do século IV.

É unha especie de enciclopedia de curiosidades sobre temas históricos, naturais, relixiosos etc., que parte das obras escritas no século I por Plinio o Vello e o xeógrafo hispanorromano Pomponio Mela.

No mapa destácase o estreito de Xibraltar como *Fretum gaditano* e co debuxo da columna de Hércules.






Terra Santa, ilustración do libro *Angustiore formam redacta ex variis autoribus a multis erroribus expurgata*


Jacobus Tirinus. Impreso en Venecia, 1730

Museo Massó



O mapa representa a porción de territorio que se estende desde Siria ata Exipto e incorpora a liña de costa coa rosa dos ventos e coas liñas dos rumbos. Ilústrase coa representación de monumentos e obxectos sacros da relixión hebraica e, no centro, o plano da cidade de Xerusalén.

A disputa bélica entre cristiáns e musulmáns pola conquista da Cidade Santa prolongouse 195 anos e converteu o Mediterráneo nun mar hostil.



Atlas Vallard (edición facsimilar)

Elaborado na Escola de Cartografía de Dieppe (Francia), 1547

Museo Massó

É un atlas portulano "do Vello e do Novo Mundo" no que, como era habitual, o sur se sitúa na parte superior e o norte na inferior. Destaca pola rica decoración, con rosas dos ventos sinalando o norte, galeras, monstros mariños..., e a representación de escenas da vida cotiá dos territorios cartografados.

O seu antecesor foi o *Atlas Miller*, elaborado 28 anos antes en Portugal, nunha época en que a cartografía marítima era unha arma estratéxica de primeira orde.






Portulano do Mediterráneo do *Atlas Miller* (edición facsimilar)

Lopo Homen, Jorge Reinel, Pedro Reinel e Antonio de Holanda. Impreso en Lisboa, 1519

Museo Massó

Os portulanos son os primeiros mapas medievais que se basean no coñecemento xeográfico real e supoñen o inicio da cartografía científica. Son representacións gráficas do litoral mediterráneo coa situación precisa dos portos e a dirección dos ventos, esenciais para a navegación a vela.

Ata o século XII esta información estaba recollida por escrito nos libros portulanos. O seu desenvolvemento, coa incorporación de máis información para facilitar a navegación, dará lugar ás cartas náuticas.



Maqueta-exvoto de pinaza catalá

Século XIX

Museo Massó

A pinaza é unha embarcación derivada das históricas galeras mediterráneas que se xeneralizan desde a expansión do Imperio Romano.

As galeras galegas da flotilla do arcebispo Xelmírez aparecen nas *Partidas* de Alfonso X co nome de *pinazas* (por estaren fabricadas con madeira de piñeiro). Máis pequenas que as galeras, eran embarcacións de pesca e de mercadorías que ás veces podían saír a navegar en mar aberto.





- ▲ Azulexo fabricado en Cataluña coa representación dunha galera
- ▶ Azulexo fabricado en Portugal coa representación dunha galera

Séculos XVII-XVIII

Museo Massó





Plano da cidade de Constantinopla no libro *Seis libros da Cosmografía Universal*

Sebastián Muenster. Editado en Basilea, 1558

Museo Massó

Coa incorporación de Constantinopla en 1487 ao Imperio Turco-Otomán péchase o paso ao lucrativo mercado das especias e da seda que procedían de Asia Oriental. Europa debía buscar outra vía por mar.

Portugal foi o primeiro en atopala circunnavegando África e atravesando o Índico. España, pola súa banda, opta pola ruta cara ao oeste, baseándose na convicción de que a Terra era redonda, e organiza a expedición de Cristóbal Colón sen saber que se ían atopar con outro continente.

Memorias Históricas de los Monarcas Othomanos

Giovanni Sagredo. Impreso en Madrid, 1684

Museo Massó. Doazón de M^a Eugenia, M^a del Carmen e M^a José Rodríguez Blanco.
Procede da biblioteca particular de Modesto Rodríguez Figueiredo




Ilustración do porto de Nápoles no libro *Suma de todas las crónicas del mundo*, chamado en latín *Supplementum Chronicarum*

Giacomo Fillippo Foresti. Impreso en Valencia, 1510

Museo Massó






Vista de Nápoles desde Posilipo


Anónimo, 1840

Museo Massó

Na Idade Moderna as grandes cidades portuarias marítimas convértense en auténticos baluartes defensivos.

A invención das armas de fogo que incorporan os buques de guerra, piratas e corsarios supoñen unha nova ameaza. Nápoles vaise equipar axiña coas defensas e instalacións precisas. No século XVIII era xa unha cidade portuaria modélica: á muralla medieval vánselle sumando os tres castelos defensivos, unha torre vixía, un arsenal para a construción e reparación de barcos, aduana, almacéns e unha lanterna que alumbeaba a entrada e a saída do porto.





*Os intereses comerciais
desprazaranse do
Mare Nostrum ao
Mare Océano*



CAMIÑO



PENÍNSULA

O punto máis estratéxico na ruta cara a Occidente marcábano o estreito de Xibraltar, flanqueado polos promontorios coñecidos como "as Columnas de Hércules", e o porto de Cádiz, un dos máis cobizados desde que fora fundado polos fenicios.

O éxito das expedicións na procura de novas rutas comerciais polo Atlántico configura a partir do século XV unha economía mercantilista a nivel global. Os intereses comerciais desprazaranse do *Mare Nostrum* ao *Mare Océano*, con América e Asia Oriental como principais destinos.

Na costa máis hostil de Portugal, Lisboa na foz do Texo e O Porto na desembocadura do Douro ofrecían boas oportunidades para o comercio oceánico.

DE PAPEL



Mapa de Hispania, ilustración do libro *Comentario ás Guerras das Galias*

Caio Xulio César, século I antes da nosa era. Impreso en Venecia, 1517

Museo Massó

Neste mapa, o estreito de Xibraltar recibe o nome de *Fretum Herculeum*, en alusión ás "Columnas de Hércules".

Na época do Imperio Romano xa era un paso estratéxico, pero durante a dominación árabe péchase o acceso dos países cristiáns do Mediterráneo ás costas do occidente e do norte de Europa. Cando no século XIV se restablece o dominio cristián, convértese na ruta principal comercial e de maior actividade económica.





Portada do libro *Rexemento de navegación*, ilustrada coas columnas de Hércules e o lema *Plus Ultra* da monarquía española

Andrés García de Céspedes. Impreso en Madrid, 1606

Museo Massó

As antigas culturas do Mediterráneo situaban a fin do mundo coñecido no estreito de Xibraltar. Ao estar flanqueado por dous penedos, incorpóranos á súa mitoloxía como "as Columnas de Hércules". Alén do *Mare Océano* non había nada, que é o que significa a expresión latina *non plus ultra*.

Carlos V, atraído pola grandeza do antigo Imperio Romano, incorpora á súa simboloxía imperial o mito das columnas de Hércules, e *Plus ultra* 'máis alá', como lema dese novo imperio cuxas fronteiras traspasaban o océano.



Sitio de Xibraltar polas armadas francesa e española

Anónimo, cara a 1790

Museo Massó





Nova carta náutica da Illa de Cádiz e o estreito de Xibraltar

Jean de Petit e Johann Friedich (editores);
Homann (xeógrafo). Impresa en Nürnberg,
cara a 1730

Museo Massó




Cádiz e o estreito de Xibraltar foron, por mor da súa posición estratéxica entre o Atlántico e o Mediterráneo, unha das áreas da Península Ibérica máis cartografadas.

Os seus portos desempeñaron un papel destacado ao longo da Historia, desde a Idade do Bronce ata a actualidade.

Atravesar o estreito requiría de certo grao de pericia, pois mentres unha corrente superficial flúe cara ao leste desde o Atlántico, outra flúe desde o Mediterráneo a maior profundidade.

Na antigüidade, cando o vendaval sopraba con forza, os barcos mercantes que procedían do Mediterráneo refuxiábanse en Málaga e transportábase a mercancía por terra para alcanzar a costa atlántica.






Vista topográfica da baía de Cádiz

Alfred Guedson, século XIX

Museo Massó

Esta baía é unha zona estratéxica no paso do Atlántico ao Mediterráneo a nivel comercial e de control do territorio desde hai miles de anos; nela concéntranse os portos de Cádiz, San Fernando, Santa María e Rota.

Desde o reinado de Felipe II fóronse construíndo defensas ata convertela nunha das prazas fortes máis inexpugnables do mundo.





Almadraba de Cádiz. Ilustración do atlas *Civitates Orbis Terrarum*

Joris Hoefnagel (debuxante), Franz Hofenberg (gravador), cara a 1575

Museo Massó

A explotación do atún co sistema da almadraba consolídase durante o Imperio Romano, xunto coa salgadura e as salinas, como unha das principais actividades desta zona.

Na cartografía da Idade Moderna represéntase como un recurso importante e característico da baía, tal e como observamos nesta vista topográfica.






Maqueta do navío San Juan Nepomucemo, que participou na batalla de Trafalgar

Pascual Munoa, cara a 1940

Museo Massó






Carta náutica das costas de Portugal e parte de Espanha

S. Bellin. Impresa en París, 1776-1800

Museo Massó





Vista do porto de Lisboa

Anónimo, 1750

Museo Massó

O porto de Lisboa foi pioneiro na carreira polos descubrimentos durante os séculos XV e XVI, cando Portugal se converte nunha potencia naval e na sede dos principais avances en materia de navegación. Posteriormente, como metrópole colonial e co desenvolvemento do comercio marítimo, este porto seguirá tendo un peso especial nas rutas transoceánicas.



Crónica do felicíssimo Rey Don Emanuel da gloriosa memoria

Damião Góis e João Baptista. Impreso en Lisboa, 1619

Museo Massó. Doazón de M^a Eugenia, M^a del Carmen e M^a José Rodríguez Blanco.
 Procedente da biblioteca particular de Modesto Rodríguez Figueiredo






Azulexo de fabricación portuguesa coa representación dun galeón

Séculos XVIII-XIX

Museo Massó





Carta do rei Felipe II dirixida ao gobernador de Galicia sobre a atracada da frota en Portugal


San Lorenzo del Escorial, 1589

Museo Massó

A carta contén unha orde do monarca para que as naves que terían que invernar en Lisboa o fagan no porto de Ferrol. Alí mándase construír un forte utilizando man de obra das galeras.

As frecuentes guerras desde 1580 ata 1639 na fronte atlántica entre España, Inglaterra, Francia e Holanda levaron a que se investise na defensa dos portos galegos e se destinase unha parte da frota da Armada Real a Galicia.

Nestas datas Ferrol figura xa como o porto de base, aínda que Lisboa se perfila como un porto de referencia na costa atlántica tras a anexión de Portugal á Coroa Española en 1584.



clay

Compañia de navios de guerra en Guarnición del Reyno segalicia, Via-
cion de Añi de la casa de la ciudad y de otros bienes que a mi me se-
lega de la galea y galea de guerra de la cañon y los otros
en el inter que deñ Mando de Biscaya en la armada de or-
denada, que la armada se cargo lo que se hizo de los que se fabrica
se por el tiempo que se deñaron y se hizo de la armada que
en el tiempo se repartieron en las cañon y se hizo de la armada gente
del armada quando ayar de entrar en el puerto y de tanto el re-
non en la armada que se fabrica en el tiempo para su guerra,
Visto sea la Relación que me auei: Indiado de los: Puerto de Arganda
Luzia y Llan de que se ha hecho por lo que se hace de pilan cruce que
Venido en la cañonela que lleva el al ferre meridiano y de la galea se
que se cargan por tan confidente y plático como se hizo de repudice
en caminar que se hacen los españoles muy y avar como se lo
apuntan al secretario Andres de alva que se inclina al mismo al-
lonia de mucho he fecho y en di conuendia que lo pro curare de conel
y se fecho de ser y me auei auei de lo que se hizo de or Guernica
hecho y por el tiempo que se hizo de que se hizo de or Guernica
ferre y de las cosas que se hizo de que se hizo de or Guernica
auei de repudice que se hizo de que se hizo de or Guernica
de la armada deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
y se parte de la armada deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
mirante de la armada deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
cion que muestran a la armada deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
y tambien aca algunos pilotos pláticos de aquella mar y de la
galateria de Llan de y de los deñ que se parte de los por una vez por la forma que se parte de
to de algunas cosas de vino y de las cosas que se parte de los por una vez por la forma que se parte de
regalo de los deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
do ay el vino deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
manda ocasion para ello el buen acogimiento que se parte de los por una vez por la forma que se parte de
dio al ferre y el que auei deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
que alla han aportado y decurar de auei de los la guanta deñ
del español que se parte de los por una vez por la forma que se parte de
Andar cosas de que se parte de los por una vez por la forma que se parte de
Auien de ami armada deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de
val muy se deñ, se parte de los por una vez por la forma que se parte de

Por B. Clay



S. Llan de. 10. de Sep. 1589

af




Maqueta de barco moliceiro característico da ría de Aveiro

Mediados do século XX

Museo Massó







Fotografia dos peiraos do Douro no Porto

Cara a 1920

Museo Massó





*As rías galegas manteñen
unha posición estratéxica
na ruta atlántica*



CAMIÑO

GALICIA

As rías galegas desempeñaron un papel importante desde a Prehistoria nas rutas que conectaban o Mediterráneo cos territorios atlánticos ricos en metais, entre os que se atopaba Galicia.

Os seus portos non foron só escalas, senón tamén portos de partida da expansión oceánica.

Na ría de Arousa, Iria Flavia, en Padrón, tivo o seu breve episodio de gloria como porto de Compostela co arcebispo Xelmírez e a súa pequena frota de galeras.

Vigo viviu un momento de prosperidade co Imperio Romano. Sufriu despois o castigo das frotas viquingas, normandas, mesmo de naves que peregrinaban a Terra Santa, e os ataques dos corsarios turcos, ingleses, franceses e holandeses. A partir do século XVIII recupera a súa actividade mercantil grazas ás rutas atlánticas.

DE PAPEL




Alegoría do reino de Galicia na portada do libro *Galicia, Reino de Cristo Sacramentado*

Pascasio de Seguin. Impreso en México, 1750

Museo Massó





Viaxe de Ambrosio de Morales por orde do Rei Don Felipe II. Aos reinos de León, e Galicia, e principado de Asturias

Fray Henrique Flórez. Impreso en Madrid, 1765

Museo Massó



Mapa de Galicia incluído na *Descripción do Reino de Galicia*

Fernando Ojea. Impreso en Anveres, 1612

Museo Massó






Maquetas da frota de galeras do arcebispo Xelmírez

Realizadas por José María Massó García, cara a 1975

Museo Massó

Galicia, para facer fronte aos ataques marítimos normandos e musulmáns, só dispuña de pequenas embarcacións de pesca e de comercio costeiro. O arcebispo de Compostela, Diego Xelmírez, trouxo a comezos do século XII dous construtores de galeras italianos co fin de crear a súa propia armada defensiva. A base estaría en Iria Flavia (Padrón), porto natural de Santiago, e sería a primeira frota de certa entidade dentro do Reino de Castela e León.



Carta náutica das Rías Baixas no atlas *Do novo e refulgente facho do mar*

Johannes van Keulen e Claas Jansz Vooght. Impreso en Ámsterdam, 1698

Museo Massó

Este atlas náutico, constituído por varios volumes, converteuse a finais do século XVII nun éxito editorial. Foi o primeiro que incorporou todas as costas do mundo.






Cidade e porto de Vigo no libro *Descripción topográfico-histórica da cidade de Vigo*

Nicolás Taboada e Leal. Impreso en Santiago, 1840

Museo Massó

A posición estratéxica das rías galegas consolídase a partir do século XVI debido aos enfrontamentos entre as potencias europeas e os ataques corsarios. A pesar diso, apenas se inviste na construción de defensas e equipamento portuario. Só Vigo, a diferenza doutros portos galegos, dispoñía xa dun peirao de pedra na punta da Laxe.

Porén, as súas expectativas vense truncadas polo apoio que outorga a Coroa aos portos de Baiona e A Coruña. No século XVIII, coa nova política comercial, recupera a súa posición, e no século XIX a industria pesqueira sitúao en primeira posición.





Panel didáctico da *Ruta xacobeá do Mar de Arousa e Ulla*

Sánchez Gallego, 1992

Museo Massó





Exvoto mariñeiro coa translación do corpo de Santiago

Anónimo, século XIX

Museo Massó

Representa a chegada milagrosa en barca do corpo de Santiago a Iria Flavia (Padrón). A maior parte das representacións deste episodio da lenda xacobeá realízanse entre os séculos XII e XVI, e resulta excepcional a súa presenza na arte popular.

Estes dous feitos, xunto á interpretación que se realiza do escenario en clave mariñeira, cunha embarcación e porto pesqueiro, outórganlle ao noso exvoto, cando menos, un carácter singular.





*Santiago de Compostela
foi a capital dun poderoso
señorío eclesiástico*



CAMIÑO

COMPOSTELA

O protagonismo relixioso de Compostela deu lugar a que durante séculos recibise o trato de cabeza do Reino de Galicia, aínda que, na realidade, A Coruña exerceuse como tal.



Ata o século XIX foi a capital do señorío do arcebispo. Tras a desamortización e a asunción de poderes por parte da Administración do Estado, a cidade loitará por non perder ese protagonismo, pero non será ata a constitución da Comunidade Autónoma, no período democrático actual, cando logre o título de capital de Galicia.

A praza do Obradoiro é un testemuño labrado en pedra do poder absoluto que exercía a Igrexa na cidade e dos beneficios que obtiña da cobranza do Voto de Santiago. Este tributo, recadado en varios territorios peninsulares, non foi abolido ata 1812.


DE PAPEL



LAS BELLEZAS DE GALICIA



SERIE 7
SANTIAGO: La Catedral






Cromos de Santiago no álbum *As belezas de Galicia. España turística e monumental*

Juan Gil Cañellas. Editado en Oviedo, 1933

Museo Massó






Carta na que se comunica a decisión real do restablecemento de Santiago de Compostela como capital do reino de Galicia

De Pedro de Cabrera, comandante do Terzo de Vigo, ao oficial da armada Jacinto Amieva, en Vigo, 1824

Museo Massó

Esta orde pretendía castigar a cidade da Coruña, que apoiara o pronunciamento liberal de Porlier en 1815 e a revolución de 1820.


A restitución da capital da Coruña en 1832 será consecuencia da asunción do poder pola raíña M^a Cristina de Borbón. A nai de Isabel II buscaba o apoio dos moderados fronte á oposición dos conservadores, que se negaban a derrogar a lei sálica, que impedía ás mulleres herdar o trono.



Constituciones do Gran Hospital Real de Santiago de Galicia feitas polo Señor Emperador Carlos Quinto de gloriosa memoria

Valladolid, 1521

Museo Massó. Depósito de Isabel Massó de Ariza



CONSTITUCIONES DEL GRAN HOSPITAL REAL DE SANTIAGO DE GALICIA, hechas por el señor Emperador Carlos Quinto de gloriosa memoria.

En el nombre de la Santissima Trinidad, è Vnidad, Padre, è Hijo, y Espiritu santo, q̄ son tres Personas, è vna essencia Diuina, è asu seruiçio, è acrecentamiento de nuestra santa Fec̄ Catholica, Religion Christiana e honrra del bienauenturado è glorioso Apóstol Santiago, especial Patron, luz, espejo, defensor, guaiador de los Reyes de Castilla, de Leon, y de las Españas, con cuya ayuda se fizieron muchos milagros, emaraullase en los tiempos passados. Cuyo glorioso cuerpo està en la Ciudad de Santiago del nuestro Reyno de Galicia, por cuya deuocion muy señalada, y por compasión que tuuieron de los pobres è peregrinos

A nos



Autorretrato de Laxeiro como peregrino compostelán

Laxeiro, 1982

Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Amalia Bolívar Sequeiros





**SUMARIO, Y RE-
DE LAS GRACIAS,
concedidas por diferen
Á LA CASA Y REAL
SANTIAGO
Y Á LOS COFRADES
teniendo la Bula de la Sta.**



**COPILACION
É INDULGENCIAS
tes Sumos Pontífices
HOSPITAL DE
DE GALICIA.
DE SU COFRADIA,
Cruzada, de la Publicacion
y Predicacion de cada Año.**



Rimeramente, N. SS. Padre Julio II. con-
cedió a dicho Hospital Real de Santiago de
Galicia todas las Gracias, é Indulgencias,
y Privilegios, que tiene y tendrá el Hospital
de Sancti Spiritus en S. Sede de Urbe de Ro-
ma. Lo propio concedió la Santidad de S.
Pío V.

Item, Alexandro VI. concede Indulgencia Plena á los
que murieren dentro de dicho Hospital.

Item, Inocencio III. concede á los que visitaren el dicho
Hospital, desde la Natividad de Nuestro Señor Jesus-Christo, y
toda su Octava, cada vez que lo hicieren, dos mil y ochocientos
años de Indulgencia.

Item, Clemente VII. concede por el mismo tiempo, tres años,
y tres Quarentenas de perdon.

Item, Celestino V. concede el día de los Reyes, y su Octa-
va, cien mil años de Indulgencias.

Item, Alexandro IV. concede á los que visitaren el dicho
Hospital, quatro mil años de perdon, y la remisión de la sexta
parte de sus pecados, y ochenta Quarentenas la Pasqua de San-
cti Spiritus, y toda su Octava. Lo mismo concede por la Fiesta
de la Santissima Trinidad, y toda su Octava.

Item, Alexandro VI. concede mil años de Indulgencia, y re-
misión de la sexta parte de los pecados, por la Fiesta de el
Corpus, y su Octava.

Item, Clemente VI. concede en la Assumpcion, Natividad,
Purificacion, Annunciacion de Nuestra Señora, y en todas sus
Octavas, un año, y quarenta dias de perdon.

Item, Alexandro IV. concede tres mil años, y tres mil Qu-
rentenas de Indulgencias, y la remisión de la tercera parte de
los pecados, todos los primeros Domingos de el mes.

Item, Celestino V. concede tres mil años de Indulgencia
en la Natividad de Nuestra Señora, y toda su Octava.

Item, Inocencio VI. concede dos mil años de Indulgencias
todas las Fiestas de los Apóstoles. El mismo Inocencio III.
concede un año, y quarenta dias de Indulgencia á todos los
que visitaren el dicho Hospital todos los dias.

Item, Inocencio VIII. dá licencia á todos los que entraren
por un año y medio algun Niño Expósito, que puedan elegir
Confesor aprobado, el qual los pueda absolver de todos sus
pecados, aunque sean reservados á la Santa Sede Apostólica,
y concederle Indulgencia plena.

Lo mismo concede á los que castan alguna Niña Expósta.

El mismo Sumo Pontífice concede treinta años, y treinta
Quarentenas de Indulgencia por las penitencias no cumplidas,
todas las Fiestas de Nuestra Señora, y de el Señor Santiago.

El mismo concede, que oyan los Oficios Divinos en
tiempo de entredicho.

Item, Alexandro VI. concede, que los que murieren en
dicho Hospital, y todos los que fueren Cofrades de el mismo

Hospital, en tiempo de entredicho, con moderada pompa
puedan ser enterados, como no hayan sido cosa de el tal
entredicho.

El mismo Sumo Pontífice permite, que los Cofrades de di-
cho Hospital puedan elegir Confesores decaus, ó Religiosos apro-
bados, que los pueda absolver de qualesquiera casos reservados,
excepto el de Heregia, Rebellion, Continencion contra el mismo
Pontífice, ó contra la Sede Apostólica, é Indulgencia de Letras
Apostólicas, ocupacion de tierras, y mal sugetos á la Iglesia
ótramas contra los Obispos, y Eclesiasticos.

El mismo Sumo Pontífice concede, que los Cofrades de
los tales Cofradias, los puedan conceder Indulgencia Plena
una vez en la vida, y otra en el artículo de la muerte.

Item, Clemente VII. hace participacion á los que fueren
Cofrades de el dicho Hospital, de todos los Ayunos, Lincenias,
Peregrinaciones, Penitencias, Oraciones, Misas, Estacuas, y
los demás Oficios Divinos, que se hacen en la Iglesia Mil-
itante, para que gozaren de ellas, como si ellos mismos los hicieran.
Asimismo, está concedido á dicho Hospital todas las Gracia-
s, é Indulgencias de la Cofradia de la Diferencia de Roma,
para que las ganen los Bienhechores de dicho Hospital, para ayu-
da de sustentar los Pobres. Ademas de esto, ganan tambien Gracia-
s, é Indulgencias todos los Fieles, que con devocion visita-
ren la Capilla Mayor de dicho Hospital, y rezaren delante de
el SANÍSIMO SACRAMENTO cinco Padre nuestros, y otras
tantas Ave Marías, desde el día de Cetziza, hasta la Pasqua de
Resurreccion, y hasta la de Pentecosten, que por ser muchas,
y no hacer largo este Sumario, no se ponen aqui.

¶ Todas las Indulgencias contenidas en este Sumario es-
tin confirmadas, y aprobadas por los Sumos Pontífices, que
despues sucedieron, y particularmente por los Santidades de A-
lexandro VI. y Julio II., por Bulas dadas en Roma en dias de
Dichos de mil quatrocientos y noventa y nueve, y diez y
siere de Enero de mil quinientos y quatro, en las quales dichas
Bulas, al fin de ellas, tienen las palabras siguientes: *T certum
est, todas aquellas que en sus dichos Letras está concedido, que
no avien, y qualquier otras cosas en contrario, é si algunas en
comu. ó de por sí, se ha, por la misma Sede, concedido Indul-
cia, que no puedan ser entredichos, suspensidos ó excomulgados, ó dis-
moldes á Juicio. y fuere el donos de ciertos Excomulgados, por Letras
Apostólicas, que no hagan pena, y exprese menzion, y se puleza en
palabra de el tal Indulto. ¶ A ningún hombre, pues, sea licito
gubernar esta Carta de nuestra voluntad. Decreto. Con-
cessum, Aprobacion, Confirmacion, Suplimentos, Indulto, E-
clesiasticum, Estatuto, Ordenanza, y Nivendado, ó con temeraria
audacia de otra ella, y si alguno presunviere contrario, sepit,
que incurrirá en la indignacion de Dios todo Poderoso, y de
los Beatissimos Pedro, y Pablo sus Apóstoles.*

Y últimamente están confirmadas, y aprobadas dichas In-
dulgencias por N. SS. Padre Clemente X.


*Concedida con el Sumario de Indulgencias, inserto en la Prevision despachada con fecha de primero de Setiembre
de mil setecientos cinquenta y cinco, por el Illmo. Señor Don Andrea de Zúñiga y Nivea, de el Consejo de S. M., y
Comisario apostólico General de la Santa Cruzada, en favor de el Gran Hospital Real de Santiago de Galicia, el qual está
aprobado, y mandado entregar á esta Real Casa, para que tenga, y haga imprimir en donde le convenga la Traducción,
Escrivano de Cámara de dicha Comisaria, el Original de el Administrador General de dicho Real Hospital, y
si Solo de las Armas de este, para su validacion. D. José Francisco Meléndez.*

No hay obligacion de Oficios, ni caridad anual, ni otra pensión.

**Sumario, e recompilación das gracias e indulxencias concedidas por
diferentes sumos Pontífices á casa e Real Hospital de Santiago**

Impreso en Santiago de Compostela, cara a 1755

Museo Massó






“E enseguida viu no ceo un camiño de estrelas”

(Códice Calixtino, cap I. lib IV)



CAMIÑO DE



Os fenicios foron pioneiros en aplicaren a observación astronómica para se orientaren no mar e se enfrontaren a longos traxectos afastados da costa e mais á navegación nocturna.

No Mediterráneo era fácil avistar referencias na costa e por iso as técnicas de navegación eran básicas, ata que se inicia a navegación oceánica ao final da Idade Media.

Entón a navegación astronómica adquire gran desenvolvemento e complexidade. Os coñecementos sobre o movemento aparente dos astros e os cálculos da súa posición respecto do horizonte permitirán determinar a posición do barco e do punto de destino na inmensidade do océano.

Para iso será necesario dispoñer de táboas precisas coa posición cambiante dos astros, instrumentos como o astrolabio e cartas de navegación.

ESTRELAS

Telescopio

Século XIX

Museo Massó. Doazón de Antonio Rama Laguna



32

33

Tabla 33. De la cantidad en que varía el Azimuth de los astros en las cercanías del horizonte, por cada grado de altura absoluta.

Tabla 34. Continuación de la cantidad en que varía el Azimuth de los astros en las cercanías del horizonte, por cada grado de altura absoluta.

E	Grados de amplitud de los astros.									
	0	5	10	15	20	25	30	35	40	45
0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
5	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
10	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
15	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
20	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
25	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
30	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
35	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
40	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
45	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
50	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
55	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
60	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
65	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
70	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
75	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
80	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Amplitud	Grados de amplitud de los astros.									
	40	42	44	46	48	50	52	54	56	58
40	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
42	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
44	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
46	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
48	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
50	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
52	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
54	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
56	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
58	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
60	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
62	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
64	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
66	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
68	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
70	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0



Cartas astronómicas do libro *Leccións de navegación ou principios necesarios á ciencia do piloto*

Dionisio Macarte y Díaz. Impreso en Madrid, 1801

Museo Massó





Reproducción dun astrolabio mariño achado na ría de Viveiro

Orixinal de finais do século XVI. Xunta de Galicia. Depositado no Museo do Mar de Galicia

Museo Massó. Reprodución realizada por Arte Bronce

O astrolabio foi ata finais do século XVII o instrumento fundamental para se orientar en mar aberto. Con el Colón atravesou o Atlántico e a expedición de Magallanes deu por primeira vez a volta ao mundo.

En 2021 a Federación Española de Actividades Subacuáticas recuperou un astrolabio na ría de Viveiro. Trátase dun descubrimento extraordinario, xa que só se coñecen 108, e o de Viveiro é o único achado en Galicia.

Naviesfera

Londres, 1920

Museo Massó. Doazón de Antonio

Rama Laguna




REPORTAXE FOTOGRAFICA DA EXPOSICIÓN











32 33 34 35 36 37 38 39 40 41 42 43 44 45 46 47

